

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 04/07/2015.

Concelleiros presentes:

D. Secundino García Casal.
D^a Sabela Iñiguez Cinza.
D. Manuel Varela Mecías.
D^a María Amparo Calvo González.
D. Jesús Manuel Soto Vivero.
D^a Ana Belén Breijo Gundín.
D. Manuel Beceiro Couce.
D. Manuel Romero Castrillón.
D. Andrés Fernández Graña.
D^a Silvia Fernández Muiño.
D. Eduardo Lourido Doval.

Secretario en funcións:

D. Ángel Barro Sabín.

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as once horas e trinta minutos do día catro de xullo de dous mil quince, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde en cumprimento do establecido no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro e no Regulamento Orgánico deste Concello.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión de organización da corporación, celebrada o día vinteseis de xuño do presente ano dous mil quince. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non téndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación desa acta, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, acorda prestarlle a súa aprobación á mesma.

SEGUNDO. ACORDOS RELATIVOS Á ADHESIÓN AO CONVENIO MARCO ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO E A XUNTA DE GALICIA PARA A IMPLANTACIÓN DUNHA REDE DE OFICINAS DE ATENCIÓN AO CIDADÁN.

Dase conta do contido do Convenio de que se trata, que xa se ven aplicando polo Concello, polo que se considera conveniente a sinatura do novo Convenio Marco, coa especificación de que o nivel de servizos que en principio se prestarán por este Concello será o de oficina de contacto, segundo o especificado na cláusula 4^a do Convenio Marco.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, acorda solicitar a adhesión ó Convenio suscrito entre a Administración Xeral do Estado e a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, para a implantación dunha rede e espazos comúns de atención ao cidadán no ámbito territorial de Galicia, asumindo as obrigas derivadas dese Convenio e con suxeición a todas as súas cláusulas.

URXENCIA. Antes de pasar ó terceiro e último punto da Orde do Día, rogos e preguntas, o Sr. Alcalde pregunta ós Sres. membros da Corporación, en cumprimento do sinalado nos artigos 91-4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e 26-6 do Regulamento orgánico e de funcionamento do Concello, se desexan someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do Día da presente sesión.

Toma a palabra do Sr. Soto, para propoñer ó Pleno a inclusión dun asunto urxente, unha moción do BNG en defensa do sector lácteo galego, xustificando a urxencia do asunto na grave situación do sector neste momento, con produtores que se ven obrigados a tirar o leite polos baixos prezos que impoñe a industria leiteira.

Sometida de seguido a votación ordinaria a urxencia da moción, a Corporación, por unanimidade dos seus once concelleiros, acorda considerar a moción urxente, ordenado que se pase de seguido ó seu debate.

URXENCIA. PRIMEIRO. MOCIÓN EN DEFENSA DO SECTOR LÁCTEO GALEGO.
O Sr. Soto resume o contido da moción de que se trata, que literalmente di:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación do sector lácteo en Galiza a día de hoxe pódese cualificar de dramática. Após o inicio desta campaña, a primeira logo da desaparición das cotas lácteas e en que a produción fica totalmente liberalizada, a situación en Galiza estase volvendo absolutamente insostíbel para as explotacións.

A ausencia de adopción de medidas e de decisións políticas por parte do Goberno Galego e do Estado para preparar ao sector para poder competir neste novo escenario está provocando consecuencias desastrosas.

Levamos varios meses de caídas continuadas dos prezos en orixe que obrigan ás explotacións a vender o seu produto por debaixo dos custes de produción e afrontando importantes perdas. Esta situación deriva da nula capacidade de negociación para os e as gandeiras que se ven sometidas aos ditados das grandes multinacionais da industria que, como xa denunciou mesmo o Tribunal da Competencia, estableceron un complot para provocar esa baixada de prezos, sen que o Goberno mova un dedo para defender o sector ou protexelo ante esa situación.

Esta práctica ten consecuencias especialmente graves en Galiza, onde actualmente xa se están asinando contratos por debaixo dos 20 céntimos.

Por outra banda, xa desde o Bloque Nacionalista Galego, vimos denunciando desde hai meses que, coa liberalización do sector, na práctica as industrias son as que establecen agora as novas cotas á produción, deixando totalmente desvalido o sector produtor. Así, mentres no resto do Estado español e da Unión Europea se está a incrementar a produción, en Galiza estanse establecendo mecanismos de restrición. As industrias son as que determinan, canto, cando e onde se pode producir leite. Esta dinámica vese ademais reforzada pola falta de acción e intervención dos gobernos galego e estatal, que fican impasíbeis a pesar da gravidade da situación que pode condicionar non só o presente do sector, senón o seu futuro e viabilidade a longo prazo.

As consecuencias máis graves deste feito comezáronse a percibir de forma máis estendida nos últimos días. Tanto algunha industria como algúns primeiros compradores deciden unilateralmente, sen previo aviso e incumprindo os contratos asinados, que deixan leite sen recoller nas explotacións. Isto provoca, obviamente, unha situación terríbel por tratarse dun produto perecedeiro que está obrigando, en moitos casos a tirar o leite, xa que existen mesmo dificultades para atopar quen llelo recolla case que “regalado”.



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

De se manter esta situación durante máis días pode acabar por ser irreversible para moitas explotacións que, en moitos casos, levan meses botando man dos aforros para poderen manter a produción neste contexto de prezos.

O sector lácteo é a columna vertebral da economía rural, mesmo da persistencia de vida no rural en moitas comarcas. Non podemos consentir que peche nin unha explotación máis.

Non podemos seguir agardando, vendo como se esfarea un sector punteiro e viábel, sen que se tomen decisións urxentes para atallar a situación.

Por estas razóns o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo pleno do Concello esta moción propoñendo a adopción dos seguintes acordos:

- 1. O Concello de San Sadurniño comprométese firmemente coa defensa do sector lácteo, co dereito a producir dos e das gandeiras e coa garantía de prezos en orixe xustos, para o cal adoptará posicións e demandas públicas contundentes na consecución destes obxectivos, situándose do lado do sector produtor asumindo as súas demandas nesta crítica situación.*
- 2. Instar ao Goberno Galego e ao Goberno do Estado a fin de que a través de todos os mecanismos de que dispoñan apremen ás industrias e aos primeiros compradores a garantir a recollida de todo o leite que se produza nas explotacións galegas.*
- 3. Instar ao Goberno Galego a que garanta a percepción dun prezo do leite en orixe xusto e que cubra os gastos de produción para o cal se adoptarán as seguintes medidas:*
 - c) Crear un instrumento interprofesional de negociación e decisión coa participación do sector produtor, industria e distribución, actuando a administración como mediadora e catalizadora de acordos e velando polo cumprimento destes.*
 - c) Estabelecer, nese ámbito, os criterios e indicadores sobre os que debe construírse a cadea de valor do leite e, por tanto, o prezo a percibir polos produtores e produtoras que, en ningún caso, poderá ser inferior ao de produción, así como os mecanismos para garantir a recollida da produción.*
 - c) Reclamar a modificación do Real decreto 125/2015 coa finalidade de introducir mecanismos que garantan a posibilidade real de negociación entre produtores e industrias das condicións contractuais; mecanismos de garantía de recollida de produción, así como do volume e marxe de tolerancia, así como de instrumentos de mediación e vixilancia de cumprimento das condicións de negociación e cumprimentos contractuais.*
- 4. Urxir ao Goberno Galego a que realice unha campaña de inspección no ámbito das súas competencias, e instar ao Estado a que faga o propio no ámbito das súas, para perseguir e sancionar as prácticas de dumping nas grandes áreas de distribución evitando a banalización do leite e a súa utilización como elemento de reclamo mediante a súa venda a perdas.*
- 5. Apoiar as mobilizacións convocadas polo sector en defensa do sector lácteo galego*

O Sr. Romero interven brevemente para dicir que o asunto merece a unión de todos para tratar de levar adiante os acordos que o sector necesita.

O Sr. Lourido manifesta o seu total acordo co contido da moción, que contará polo tanto co seu voto favorable.

Sometido de seguido a votación ordinaria o contido da moción, a Corporación, por unanimidade dos seus once concelleiros, acorda aprobar a moción de que se trata.

TERCEIRO. ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. Lourido pregunta polo programa europeo no que participa o Concello para avaliar a situación dos xoves sen estudos nin traballo, respostándosele polo Sr. Alcalde que existe unha subvención da Unión Europea de 45.000 euros para desenvolver este programa, polo que non suporá gasto de fondos propios para o Concello. Nestes días, dous técnicos do Concello están en

Italia participando nunha xuntanza técnica de programas subvencionados xunto con técnicos de Polonia, Italia e Grecia, sendo San Sadurnio o único Concello de España que participa neste programa.

O Sr. Romero pregunta polo estado de tramitación do Plan Xeral de Ordenación Urbanística, respostándose polo Sr. Alcalde que está pendente dunhas cuestións menores que deben modificarse a requerimento da Xunta, tras o que se someterá a aprobación inicial e a unha exposición pública por parroquias para tratar de consensuar o documento cos veciños. Sinala tamén que a Lei do Solo tivo dez modificacións dende o ano 2009.

Pregunta de seguido o Sr. Romero canto custa cada quilómetro de pista que se desbroza polo Concello, para poder facer unha proposta de plan de limpeza de pistas, respostándose polo Sr. Alcalde que hai un estudo de custes e un plan de desbroces, para o verán, parcialmente cuberto co convenio que anualmente se asina coa Xunta; que este Concello ten moitas pistas que manter nos case 100 quilómetros cadrados do término municipal, e que como promedio, a limpeza das pistas supón arredor de 200 euros por quilómetro. O Sr. Soto di que os traballos de desbroce fanse durante todo o ano, pero incrementáanse nos meses de verán, subcontratando parcialmente estes traballos nas condicións máis favorables para o Concello.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as doce horas, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,

O SECRETARIO EN FUNCIONES,